



INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA O MANUAL DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA DE GALICIA APROBADO POLO DECRETO 85/2012, DO 16 DE FEBREIRO

En cumprimento do disposto nos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *Proxecto de Orde pola que se modifica o Manual de sinalización turística de Galicia aprobado polo Decreto 85/2012, do 16 de febreiro*, esta Secretaría Xeral emite o preceptivo

INFORME

1. Marco normativo e competencia

De conformidade co disposto no artigo 148.1 da Constitución Española e o 27.21 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva para a promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

No marco desas competencias aprobouse o Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia, que tiña como referencia as previsións da derogada Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo de Galicia, e respondía á esencial necesidade de dotar ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia dunha harmonización nos sinais turísticos dos recursos turísticos galegos, co obxectivo final de reforzar a imaxe de Galicia como destino turístico e a optimización da calidade da súa oferta turística.

O Decreto 85/2012, do 16 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia e se aproba o Manual de sinalización turística de Galicia, incorpora os cambios derivados da aprobación da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de





Galicia, así como diversas modificacións que tiveron lugar na Administración xeral da Xunta de Galicia e aproba o Manual de sinalización turística, que se inserta como anexo. Este Manual de sinalización turística de Galicia foi modificado por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas do 5 de novembro de 2015, que regula a imaxe e sinalética do Camiño de Santiago.

O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, que terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago. Segundo o disposto no artigo 9 dos seus estatutos, *corresponde á Axencia de Turismo de Galicia a elaboración e proposta da normativa nas materias da súa competencia.*

Finalmente, na súa disposición derradeira primeira, o Decreto 85/2012, do 16 de febreiro, faculta ao titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar as disposicións necesarias no Manual de sinalización turística de Galicia.

2. Acerto e oportunidade

A modificación proposta do Manual de sinalización turística de Galicia ten como obxecto engadir os pictogramas relativos a turismo de surf e recurso etnográfico, así como as súas equivalencias verbais.

O pictograma de recurso etnográfico completa o Manual, permitindo sinalar recursos que non contan con pictograma específico. O pictograma de surf incorpora o xa establecido noutras comunidades autónomas.





3. Estrutura e contido

O proxecto de orde consta dun único artigo, dúas disposicións derradeiras e un anexo.

O artigo único modifica o Manual de sinalización turística de Galicia aprobado polo Decreto 85/2012, do 16 de febreiro, engadindo os pictogramas relativos a turismo de surf e recurso etnográfico, así como as súas equivalencias verbais, que se insiren como anexo.

As disposicións derradeiras facultan á persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia a ditar as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e o cumprimento da orde, e a entrada en vigor da norma o día seguinte ao da súa publicación.

4. Tramitación

Consta no expediente a documentación xustificativa do cumprimento dos seguintes trámites:

- Acordo de inicio do Vicepresidente e Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (24/04/2018)
- Memoria xustificativa da Axencia Turismo de Galicia (24/04/2018)
- Memoria económica-financeira Axencia Turismo de Galicia (24/04/2018)
- Táboa de vixencias da Axencia Turismo de Galicia (24/04/2018)
- Informe do Servizo de Apoio Técnico (30/04/2018)
- Aprobación do proxecto polo Vicepresidente e Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (30/04/2018)
- Informe da Dirección Xeral de Orzamentos (07/05/2018) favorable
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade (14/05/2018) favorable
- Certificado publicación páxina web, e non se recibiron alegacións (28/05/2018)
- Informe da Asesoría Xurídica (18/09/2018) favorable





En virtude do exposto, respecto do proxecto de Orde pola que se modifica o Manual de sinalización turística de Galicia aprobado polo Decreto 85/2012, do 16 de febreiro, emítese o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, para os efectos de que sexa sometido á súa aprobación polo Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Pública e Xustiza.

Santiago de Compostela

O SECRETARIO XERAL DA PRESIDENCIA

Manuel Galdo Pérez

